EM-B2.3	2º-EMB2.3.1 - Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.	100%	X 6.4 1%	X 5.8 1%	X 5.0 5%	5 %	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CC EC CM CC T
EM-B2.3	2º-EMB2.3.2 - Xoga a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.	75%			X 2.0 2%	2 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CAA CC EC CM CC T
EM-B2.3	2º-EMB2.3.3 - Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra.	100%	X 6.4 1%	X 5.8 1%	X 5.0 5%	5 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CC EC CAA CM CC T
EM-B2.3	2º-EMB2.3.4 - Elix e combina ostinatos rítmicos sinxelos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.	50%			X 5.0 5%	5 %	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións musicais.	CC EC CA A
EM-B2.3	2º-EMB2.3.5 - Elix e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.	50%			X 2.0 2%	2 %	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CC EC CA A

EM-B3.1	2º-EMB3.1.1 - Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.	100%		X	X	5 %	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CC EC CS C
EM-B3.1	2º-EMB3.1.2 - Interactúa adecuadamente e cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.	100%	X	X	X	5 %	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CC EC CS C
EM-B3.2	2º-EMB3.2.1 - Responde co seu corpo a estímulos sonoros.	100%	X	X	X	3 %	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CC EC
EM-B3.2	2º-EMB3.2.2 - Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.	100%	X	X	X	3 %	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CC EC
EM-B3.2	2º-EMB3.2.3 - Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	100%	X	X	X	3 %	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CC EC

RÚBRICAS 2º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**Rúbrica –EMB1.1.1- EMB1.1.2- EMB1.1.3**

Explora e manipula as calidade sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz e represéntaas gráfica ou corporalmente.

	Moi ben	Ben	Regular	Mal
Intensidade	Explora, manipula, identifica e representa, pola intensidade, os sons escoitados.	Explora, manipula, identifica e representa pola intensidade moitos dos sons escoitados.	Explora, manipula, identifica e representa algúns dos sons escoitados.	Explora e manipula pero identifica e representa poucos dos sons escoitados
Altura	Explora, manipula, identifica e representa, pola altura, os sons escoitados.	Explora, manipula, identifica e representa, pola altura, moitos dos sons escoitados.	Explora, manipula, identifica e representa, pola altura, algúns dos sons escoitados.	Explora e manipula pero identifica e representa, pola altura, poucos dos sons escoitados.
Duración	Explora, manipula, identifica e representa, pola duración, os sons escoitados.	Explora, manipula, identifica e representa, pola duración, moitos dos sons escoitados.	Explora, manipula, identifica e representa, pola duración, algúns dos sons escoitados.	Explora, manipula, identifica e representa, pola altura, poucos dos sons escoitados.
Timbre	Explora, manipula e identifica polo timbre, os sons escoitados.	Explora, manipula e identifica polo timbre moitos dos sons escoitados.	Explora, manipula e identifica polo timbre algúns dos sons escoitados.	Explora, manipula e identifica polo timbre poucos dos sons escoitados.

Rúbrica - EMB1.5.1-- EMB1.5.2- EMB2.4.3-

Coñece, identifica e representa coa linguaxe musical convencional, os elementos musicais traballados na aula e é quen de crear pequenos esquemas rítmicos con eles..

	Moi ben	Ben	Regular	Mal
Coñece	Coñece todos os elementos da linguaxe musical traballados na aula.	Coñece moitos elementos da linguaxe musical traballados	Coñece algúns elementos da linguaxe musical traballados	Coñece algún elemento da linguaxe musical traballado.
Identifica	Identifica a nivel visual e auditivo os elementos musicais traballados	Identifica a nivel visual e auditivo moitos elementos musicais traballados	Identifica a nivel visual e auditivo poucos elementos musicais traballados	Non identifica os elementos traballados nin visual nin auditivamente.
Representa	Representa con grafía convencional os elementos musicais traballados.	Representa con grafía convencional moitos dos elementos musicais traballados	Representa con grafía convencional algúns elementos musicais traballados.	Non representa con grafía convencional os elementos musicais traballados.
Crea	Crea e representa pequenos esquemas rítmicos cos elementos coñecidos	Crea e representa con axuda, esquemas rítmicos cos elementos coñecidos	Completa compases con grafía convencional.	Non é quen de completar sen axuda un esquema rítmico sinxelo.

RÚBRICA- EMB2.2.1- EMB2.2.4- EMB2.3.1

Coñece as cancións e rimas traballadas na aula e é quen de acompañalas con ritmos sinxelos utilizando instrumentos corporais e PAI.

	Moi ben	Ben	Regular	Mal
Vocalización	Vocaliza correctamente e con claridade as sílabas das letras das cancións e rimas traballadas na aula.	Ten algunha dificultade na vocalización do texto das cancións.	Ten moitas dificultades na vocalización das sílabas	Non se lle entende porque non vocaliza.
Ritmo	Canta co ritmo axeitado axustándose ao tempo.	Canta co ritmo axeitado pero ás veces se adianta ou se atrasa.	Canta co ritmo axeitado pero non se axusta ao tempo.	Non sa axusta ao ritmo da canción nin ao tempo.
Entoación	Canta cunha entoación correcta as melodías traballadas	Canta con boa entoación, pero ás veces desafina.	Cústalle entoar os intervalos melódicos das cancións, anque ás veces afina.	Non é quen de entoar os intervalos melódicos das cancións e desafina.
Acompañamento o instrumental	Acompaña con obstinatos sinxelos, con percusións corporais ou con PAI, as cancións aprendidas na aula,	Acompaña con obstinatos sinxelos, con percusións corporais ou PAI, as cancións aprendidas na aula pero, ao cantar, comete erros	Acompaña con obstinatos sinxelos, con percusións corporais, as cancións aprendidas na aula pero non é quen de cantar ao mesmo tempo.	Non é quen de acompañar con obstinatos sinxelos as cancións aprendidas

INTERPRETACIÓN DA DANZA/ EXPRESIÓN CORPORAL A TRAVÉS DA MUSICA	Moi ben	Ben	Regular	Mal
Os movementos axústanse ao ritmo e tempo da música	Demostra un gran sentido rítmico. A sincronización dos movementos co ritmo e co tempo da música é excelente. Distingue claramente as partes A e B da danza.	Demostra un bo sentido rítmico. A sincronización dos movementos co ritmo e co tempo da música é boa aínda que se mostra dubitativo entre os cambios das partes A e B da danza.	A sincronización dos movementos co ritmo e co tempo da música falla algunhas vecesnos, sobre todo nos cambios das partes A e B da danza.	A sincronización dos movementos co ritmo e co tempo da música falla a miúdo, levando a continuos retrasos. Non distingue claramente as partes A e B da danza.
Baila e dramatiza as cancións propostas.	Demostra unha gran capacidade para dramatizar mediante o baile a letra das cancións, aceptando os consellos do mestre e facendo aportacións persoais para enriquecer as dramatizacións.	Demostra capacidade para dramatizar mediante o baile a letra das cancións, aceptando os consellos do mestre, pero non é moi dado a facer ningunha aportación persoal.	Demostra capacidade para dramatizar mediante o baile a letra das cancións, imitando as propostas dos compañeiros ou do mestre; pero só en situacións en que a letra lle gusta.	A súa capacidade para dramatizar mediante o baile a letra das cancións é moi limitada; aínda que o intenta.
Utiliza o corpo como medio de expresión.	Demostra unha gran capacidade para expresar mediante o corpo e o movemento o que a música	Demostra capacidade para expresar mediante o corpo e o movemento o que a música	Demostra capacidade para expresar mediante o corpo e o movemento o que a música	A súa capacidade para expresar mediante o corpo e o movemento o que a música

2º DF	quere transmitir, aceptando os consellos do mestre e facendo aportacións persoais para enriquecer a propia expresión.	quere transmitir, aceptando os consellos do mestre e facendo ocasionalmente algunha aportación persoal para enriquecer a propia expresión.	quere transmitir, aceptando os consellos do mestre sen facer aportacións persoais para enriquecer a propia expresión.	CURSO quere transmitir é moi limitada, aínda que o intenta seguindo os consellos do mestre.
Improvisa movementos a partir dunha audición.	Improvisa movementos correctamente axustados á música proposta, superando as expectativas exixidas para o seu nivel, facendo aportacións orixinais e creativas.	Improvisa movementos correctamente axustados á música proposta, facendo ás veces algunha aportación orixinal e creativa.	Improvisa movementos correctamente axustados á música proposta, non variando moito nas súas propostas.	Non improvisa movementos correctamente axustados á música proposta, límitase a repetir e copiar os propostos polos demais.
Inventa pasos para una coreografía	Crea pasos e movementos axustados á música proposta para crear unha coreografía sinxela cunha forma dada, facendo aportacións orixinais e creativas; superando as expectativas exixidas para o seu nivel.	Crea pasos e movementos axustados á música proposta para crear unha coreografía sinxela cunha forma dada, ás veces fai aportacións orixinais e creativas.	Crea pasos e movementos axustados á música proposta para crear unha coreografía sinxela cunha forma dada, repetindo sempre os xa coñecidos.	No crea pasos e movementos axustados á música proposta nin coreografías, límitase a repetir e copiar as propostas polos demais.
Coordinación de movementos	Excelente coordinación de movementos	Moi boa coordinación de movementos	Móstrase dubitativo na coordinación de	Presenta dificultades para coordinarse os

<i>2º DF</i> dentro do grupo			<i>CURSO</i>	
	dentro do grupo, axudando aos que teñen maior dificultade.	dentro do grupo.	movementos nas partes máis difíciles.	seus movementos co grupo.
Expresividade e gusto pola interpretación da danza	Desfruta coa realización de danzas, exteriorizando o seu disfrute, o que aporta expresividade ao seu baile. Aporta ideas e suxerencias que poden axudar aos seus compañeiros.	Desfruta coa realización de danzas, exteriorizando o seu disfrute, o que aporta expresividade ao seu baile.	En principio realiza a danza como unha obriga, superado ese momento desfruta coa realización de danzas.	Non disfruta coa realización da danza, polo que baila sen expresividade.

ESCALA DE OBSERVACIÓN: RUTINAS DE ESCOITA ACTIVA

1. Mal 2. Regular 3. Ben 4. Moi ben

ALUMNO	Escoita os diferentes aspectos musicais sinalados na actividade.	Fíxase nos detalles da audición.	Reproduce o escoitado a través do canto ou a imitación.	Identifica a calidade do son traballada.	Relaciona o escoitado cos aspectos traballados.
---------------	---	---	--	---	--

--	--	--	--	--	--

- Recoñece e representa as calidades do son.
- Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.
- Respecto o silencio para o bo estudo dos sons e nas audicións.
- Coñece as figuras: director, instrumentistas e público.
- Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulso, negra, silencio, corchea, branca, clave de sol, dobre barra, pentagrama, sol, mi, la
- Repite esquemas rítmicos en forma de eco.
- Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.
- Coñece un pequeno repertorio de cancións.
 - Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.
- Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.

CRITERIOS DE CORRECCIÓN E PUNTUACIÓN

Probas ou traballos (50%)

Exame ou traballos dos diferentes aspectos que se traballen na aula: ritmo, melodía, cancións, teoría... Valorarase numericamente de 0 a 10 e o valor de cada pregunta dependerá do número de preguntas.

Traballo diario (Supón un 30 %)

Fichas: valórase a presentación, corrección de exercicios...

Realización de traballos en grupo ou individualmente

A puntuación obtida indícarase numericamente de 0 a 10.

Actitude e interese (supón un 10 %)

Mídese con positivos e negativos. Participación na aula, atención, interese...

Faltas de material (supón un 10%)

Máis de tres faltas de material nun trimestre supón un 0 neste apartado.

METODOLOXÍA

Traballar por competencias supón traballar os contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. Partindo do feito de que as competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos no alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Unha metodoloxía activa e participativa na que os/as nenos/as vivan a música e comprendan

desde o movemento, os xogos, as danzas e bailes. A aprendizaxe das técnicas instrumentais farase a través da manipulación, sacando o maior rendemento dos instrumentos, observando, experimentando, investigando e manipulando.

A comprensión da linguaxe musical iniciarase a partir da linguaxe non convencional para pasar progresivamente a linguaxe convencional.

A través das cancións prepararanse acompañamentos musicais con todos os instrumentos musicais á súa disposición, elaborando un produto final grupal, o que implica unha aprendizaxe cooperativa na que o alumno é o protagonista.

As interpretacións musicais (rítmicas, cancións, instrumentais, danzas, ...) implican un traballo en grupo, de xeito que o alumnado recoñeza o seu propio papel e o dos demais compoñentes do grupo como fonte importante de coñecemento, de forma que todos gocen do proceso de creación tanto como das obras finais.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

DESCRIPCIÓN XERAL DO GRUPO DESPOIS DA AVALIACIÓN INICIAL

- Funcionamento do grupo: Número de alumnos/as, forma de comportarse, relacións entre eles, horario dos grupos...
- Identificar obxectivos, contidos e aspectos das competencias que teñen mellor acadados e en cales hai que incidir.
- Identificar as necesidades a nivel grupo.
- Identificar as necesidades individuais.

MEDIDAS ORDINARIAS

- Adecuación dos obxectivos priorizando e seleccionando os contidos ás características do alumnado.
- Estratexias metodolóxicas que favorezan a participación de todo o alumnado: Aprendizaxe cooperativo.
- Adecuación das actividades aos diferentes niveis de competencia curricular do alumnado, respecto ao mesmo contido.
- Selección de diferentes materiais e recursos para a realización das actividades procurando a motivación do alumnado.
- Fichas de reforzo e de ampliación elaboradas polo/ mestre/a, sacadas de libros de texto, sacadas doutros materiais didácticos; tendo sempre como base os contidos tratados nas unidades.

- Incidencia nos contidos que poidan supoñer máis dificultade.
- Ampliación, profundización e enriquecemento dos contidos tratados nas unidades mediante traballos de investigación e experimentación para o alumnado con altas capacidades.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

- Adaptacións curriculares significativas, ou non significativas, para o alumnado con necesidades educativas especiais que supoñen modificación o eliminación dalgún dos elementos prescriptivos do currículo: obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
- Adaptacións curriculares de acceso: modificacións ou provisión de recursos espaciais, materiais ou de comunicación que van a facilitar que o alumnado con necesidades educativas especiais poida desenvolver o currículo ordinario ou, de ser o caso, o currículo adaptado.

PROGRAMA DE RECUPERACIÓN E REFORZO

Detectado o alumnado que as necesite, as actividades de recuperación e reforzo educativo levaranse a cabo ao longo de todo o curso escolar. Dadas as características da materia, faranse dentro da propia clase de música polo propio mestre/a, Tendo en conta as características da materia ás veces poden ser necesarias para un aspecto concreto e puntual, en función do ritmo de consecución dos obxectivos por parte do alumnado.

Os recursos serán variados: materiais de clase ordinarios, así como algún específico según á necesidade do reforzo educativo do alumnado en concreto.

Para a superación de aspectos concretos traballarase con métodos específicos encamiñados a corrixir as dificultades atopadas.

A avaliación será cualitativa y cuantitativa de maneira continua e individual. Avaliarase positivamente o esforzo a a actitude, así como os pequenos avances.

As actividades concréntanse en:

- Fichas de reforzo elaboradas polo/a mestre/a, sacadas de libros de texto, sacadas doutros materiais didácticos; axeitadas ós aspectos teóricos que se queiran recuperar.
- Repaso individualizado ou en pequenos grupos dos contidos mínimos ou adaptados fixados para calquera dos aspectos tratados na materia en cada unidade: Ritmo, melodía, interpretación, desprazamento ou danza...

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO

Debido ao escaso tempo lectivo desta materia procurárase unificar accións que permitan contribuír a ambos proxectos, facendo un tratamento igual nas dúas linguas cooficiais da nosa comunidade, Concretándose na programación de aula en actividades tipo:

- Inventar outros desenlaces para as historias, cancións, contos musicais...
- Contar algunha historia “musical” narrada polos seus avós e desexar compartila cos/cas compañeiros/as.
- Facer unha lecturas previas dos textos, antes de aprender as cancións.
- Lectura comprensiva e expresiva do texto das cancións.
- Comprender os vocábulos novos que aparecen nos textos dos contos, relatos e cancións.
- Ler algunha anécdotas sobre figuras destacadas da música.
- Ler e comentar en clase algunha lectura sobre distintos aspectos relacionados coa música: compositores, o oficio dos artesáns chamados “lutier”, teatros e lugares onde se interpreta a música...
- Facer lectura silenciosa das ordes das actividades para comprobar o grao de comprensión lectora que van adquirindo os alumnos.
- Descubrir en cancións todas as palabras do texto que teñen a mesma rima.
- Ler rimas
- Crear rimas propias e lelas e recitalas en grupo acompañando con pequena percusión
- Inventar outro final de estrofas, respectando a mesma rima
- Verbalizar situacións da aula: Explicacións das actividades, sentimentos que produce unha audición, xogo, danza...

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

- Utilización de CDs e internet para a escoita das audicións, cancións, danzas... en cada unidade.
- Utilización de recursos didácticos interactivos
- Utilización de DVDs de películas relacionadas cos aspectos a tratar en cada unidade.
- Actualización de webs para complementar algún tema.

- Utilización da Aula Virtual

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

- Desfrute na interpretación das cancións aprendidas.
- Integración co resto do grupo no desenvolvemento das actividades.
- Disposición de axuda a outros compañeiros que posúen menos facilidade na aprendizaxe e o manexo dos instrumentos.
- Boa disposición para coordinar a propia acción coa do grupo con fins expresivos e estéticos.
- Apreciación das intervencións individuais nun contexto grupal.
- Mostrar interese e respecto polas creacións dos compañeiros.
- Esfuerzo no coidado do silencio para poder gozar da experiencia artística.
- Esfuerzo no coidado do silencio para gozar da música.
- Atención e interese na comprensión de diversas grafías que posibilitan a interpretación musical, dramática ou plástica.
- Mostrar interese para coordinar os movementos propios cos dos compañeiros.
- Colaboración para coordinar os movementos propios cos dos outros.
- Gozar co canto de cancións que promovan e afiancen as relacións interpersoais.
- Coidar e conservar os materiais e instrumentos da aula.

MODIFICACIÓNS Á PROGRAMACIÓN COMO CONSECUCENCIA DO COVID NUN ESCENARIO DE DOCENCIA NON PRESENCIAL

Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: <ul style="list-style-type: none"> • observación directa e sistemática • análise dos traballos realizados • anotacións no diario do profesor/a e o anecdotario
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none"> • Caderno, traballos en google docs, imaxes de cadernos... • Ferramentas informáticas: Cisco Webex, Aula Virtual, blog do centro • Vídeos e audios • Ficheiro • Mapas conceptuais • Rexistro anecdotario e diario do profesor
Cualificación final	Probas e traballos (50%) Actitude e interese (10%) Traballo diario (40%)

Metodoloxía e actividades (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Subida ao blog no apartado de música de tarefas e propostas educativas.</p> <p>Subida á Aula Virtual de tarefas e propostas educativas.</p> <p>Lectura de documentos</p> <p>Fichas de reforzo e ampliación</p> <p>Actividades de verdadeiro e falso, de escoller a resposta entre varias opcións, similitude ou diferenza, de emparellar...</p> <p>Resolución de preguntas</p> <p>Audicións</p> <p>Danzas</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p><u>Alumnado con conectividade:</u></p> <p>Subida ao blog e aula virtual do centro de actividades. Corrección das mesmas a través do correo electrónico.</p> <p>Participación en videoconferencias</p> <p>Contacto coa mestra titora para que recorde aos alumnos acceder ao apartado de música.</p> <p>Uso de Abalar móbil</p> <p>No blog/ aula virtual as actividades serán combinacións entre:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Fichas ● Enlaces a páxinas web ● Documentos e actividades presentados pola profesora ● Vídeos explicativos do Youtube ● Outras actividades <p><u>Alumnado sen conectividade.</u></p> <p>Contacto coa familia por Abalar móbil ou teléfono</p> <p>Contacto a través de enderezo electrónico</p> <p>Ficheiro</p>
Materiais e recursos	<p>Blog: https://musicaareigosa.blogspot.com/</p> <p>Cisco Webex</p> <p>Aula Virtual</p> <p>Abalar</p> <p>Enderezos web</p> <p>Enderezo electrónico</p> <p>Outros: Youtube</p>

Información e publicidade	
Información ao alumnado, ás familias e publicidade	<p>As familias serán informadas da modificación das programacións a través de Abalar, blog, páxina web e aula virtual do centro.</p> <p>As programacións estarán a disposición das familias no centro educativo para a súa consulta no horario establecido e con cita previa.</p>

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación ten unha grande importancia en calquera proceso que implique o plantexamento de obxectivos. Permítenos averiguar se os obxectivos propostos son os adecuados, ou se fallan os contidos, a metodoloxía, etc.

Para valorar se se conseguiron as aprendizaxes previstas, que aprendeu o alumno e a alumna e como o fixeron, os procedementos de avaliación que seguirá o curso, nas diferentes áreas, serán:

- 3.10.3. Probas orais e escritas (controis, exames,...)
- 3.10.4. Observacións realizadas na aula.
- 3.10.5. Producións dos alumnos e alumnas (composicións, exposicións orais, traballos en grupo ou individuais,..)

DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Segundo recolle a lexislación en vigor, no primeiro mes do curso escolar realizaremos unha avaliación inicial, que incluirá:

- A análise dos informes persoais do nivel ou ciclo anterior
- Os datos obtidos por nós sobre o punto de partida dende o que o alumnado inicia as novas aprendizaxes.

A finalidade desta avaliación é verificar a adecuación do proceso de ensino- aprendizaxe ás características e necesidades do noso alumnado para poder facer unha previsión de obxectivos e contidos, tomando como referencia os resultados obtidos na mesma.

Medirase o grao de dominio das competencias clave. Centrarémonos nas áreas instrumentais tratando de averiguar o que saben, o que saben facer e en que nivel de dominio o saben facer.

Utilizaremos:

- Probas de preguntas para averiguar os contidos adquiridos no curso anterior.
- Control de lecto-escritura no plantexamento de problemas sinxelos.
- Táboas de observación.

Vistos os informes finais do curso anterior e despois da análise desta avaliación inicial, adoptaranse as medidas de reforzo, apoio e recuperación que se precisen.

4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación aparecen especificados ao longo das distintas áreas impartidas durante este curso 2022/2023

Considérase aprobado cando o alumnado obtén unha media igual ou superior a 5 puntos.

A nota de Educación Artística será a media da nota de Plástica e Música.

Tendo en conta estes criterios e en función da media dos diferentes aspectos avaliados o alumnado obterá as seguintes cualificacións:

- Insuficiente.....1, 2, 3 ou 4 puntos.
- Suficiente 5 puntos.
- Ben 6 puntos.
- Notable 7 ou 8 puntos.
- Sobresaliente 9 ou 10 puntos.

5. ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN

Se no proceso de avaliación continua advertimos que algún alumno ou alumna non progresa adecuadamente, adoptaremos as medidas de reforzo educativo coa finalidade de que adquiran os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

Para facilitarlle ao alumnado a superación, proporemoslles actividades de reforzo axeitadas, tendo en conta as dificultades ou as deficiencias de cada alumno e alumna. As actividades serán na meirande parte, de carácter manipulativo e experimental, para que de xeito práctico adquira paulatinamente os obxectivos propostos.

Actividades previstas por áreas

- *Área de matemáticas:* traballaremos a serie numérica e a cantidade como base esencial para garantir o avance nos coñecementos matemáticos. Potenciaremos o razoamento aplicado a resolución de problemas sinxelos.
- *Áreas de ciencias sociais e naturais:* confección de fichas sinxelas dos aspectos máis destacados. Reforzo positivo e estimulación a partir das actividades propias e dos compañeiros de aula.
- *Área de lingua galega e castelá:* as actividades comprenderán o uso de vocabulario básico axeitado, normas de expresión e ortografía básicas e a realización de textos

- Na *área de lingua estranxeira* as actividades serán orais e escritas co vocabulario traballado; relacionar imaxes coas etiquetas correspondentes; cancións sobre os temas traballados; repetición oral de vocabulario, frases, fórmulas habituais...
- Na *área artística*, elaboraranse aqueles materiais de recuperación que se precisen á percepción e interpretación das representacións plásticas: Actividades no momento en que sexa necesario. Referente de observación na aula e no contorno, formas, cores, texturas. Na expresión e creación plástica: Actividades espaciais, de discriminación de cores, texturas, etc.
- Na *área de educación musical*, as actividades de recuperación desenvolveranse en grupo, como é habitual, para evitar situacións de inhibición. No referente á escoita, faranse actividades de discriminación auditiva (agudo/ grave, voces humanas, ritmos en eco, sons corporais, sons naturais, oficios, animais, instrumentos ...). No referente á expresión, realizaranse actividades de lecto-escritura, rimas, cancións, instrumentacións, xogos, desprazamentos, danzas.
- Na *área de Educación física* para facilitarlle ao alumnado a superación propoñerémolles actividades axeitadas tendo en conta as dificultades ou as deficiencias que presenta:
 - Darlle ordes repetitivas e precisas de andar, correr, saltar... para que sexan cumpridas no momento.
 - Facer exercicios de salto repetitivos con diferente posición dos pés (nos dous pés, alternando os pés, coas pernas abertas, saltos moi altos, saltos baixiños...)
 - Traballar o nome das diferentes partes do corpo e que as sinale nel e nos demais.
 - Xogos sinxelos coma: pillar, rodar unha pelota, saltar, ...
 - Realización de xogos tradicionais sinxelos. (o escondite, a comba, o peletre, as bolas...).
 - Facer exercicios de pelota: botar. rodar, lanzar, dar nun blanco, chapar...
- Na *área de relixión* as actividades poden ser:
 - Completar fichas de actitudes positivas e negativas.

- Buscar nunha sopa de letras as palabras de perdón.
- Repasar frases sobre a Creación.
- Escribir o nome da familia de Xesús.
- Identificar obxectos relixiosos.
- Identificar elementos e signos propios da Semana Santa.

En casos específicos a recuperación realizarase contando coa intervención e o apoio da especialista de Pedagogía Terapéutica e seguindo as recomendacións da Orientadora.

6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A liña metodolóxica do ciclo é froito do consenso entre os membros do mesmo, buscando o equilibrio e a complementariedade dos diferentes estilos de aula que temos cada unha de nós.

No 2º curso utilizaremos dúas estratexias metodolóxicas básicas: o desenvolvemento en espiral e a globalización.

Metodoloxía global e activa entendendo por tal, tanto a actividade mental como a física que potencie a construción de aprendizaxes significativas. Potenciaremos a expresión, reflexión e a comunicación e posta en común das experiencias propias.

Teremos en conta as necesidades e curiosidades do noso alumnado o que supón que partiremos dun eixo de interese para o tratamento globalizado dos contidos.

A linguaxe utilizada na aula terá que estar adecuada ao nivel de comprensión do alumnado. Axudaremos aos nosos alumnos e alumnas a enfrontarse co “erro” e o fracaso como métodos de mellora e superación.

7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha

atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso axeitado, de conformidade co disposto nos artigos 71 a 79 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

E importante salientar que os profesores deben garantir que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexeráse polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non - discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo.

A identificación e valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, forma máis temperá posible, para iso durante o mes de setembro e outubro o Departamento de Orientación realizará as avaliacións iniciais a todos os alumnos de 1º e aqueles outros que se incorporen o noso centro, ademais os titores que o facer as avaliacións iniciais detecten algún problema no seus alumnos solicitarán a intervención do Departamento de Orientación co fin de valorar a ese alumnos.

O Departamento de Orientación establecerá mediante o “Plan Anual de Atención a Diversidade” e o “Plan Anual do Departamento de Orientación” as medidas necesarias para conseguir a mellor atención os alumnos do noso centro.

Ademais o Departamento de Orientación asesorará os profesores na elaboración das “adaptacións significativas dos elementos do currículo”, estas adaptacións se realizarán buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias clave, e a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións.

Sen prexuízo da permanencia durante un curso máis na etapa, prevista no artigo 20.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais na etapa de educación primaria nos centros docentes ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a súa integración socioeducativa.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería competente en materia de educación, flexibilizarase nos termos que determine a normativa vixente. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.

Os plans de actuación, así como os programas de enriquecemento curricular adecuados ás necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais, que lle corresponde adoptar á consellería competente en materia de educación, permitirán desenvolver ao máximo as capacidades deste alumnado e terán en consideración o seu ritmo e o estilo de aprendizaxe, así como o daquel alumnado especialmente motivado pola aprendizaxe.

A escolarización do alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo, ao que se refire o artigo 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, realizarase atendendo ás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico. quen presente un desfasamento no seu nivel de competencia curricular de máis de dous anos poderá ser escolarizado no curso inferior ao que lle correspondería por idade. No caso de superar ese desfasamento, incorporárase ao curso correspondente á súa idade.

Para o alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación, de ser o caso, do seu desfasamento e que lle permitan continuar con aproveitamento os seus estudos.

7.1. ADAPTACIÓNS CURRICULARES

Neste curso e polo momento non hai alumnado con ACS.

Ao longo do curso consultaremos coa orientadora todos os problemas de carácter educativo que aparezan nas aulas para levar a cabo unha acción preventiva.

8. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

A educación en valores é un proceso de descubrimento e interiorización lento e progresivo.

A programación de valores do curso está enmarcada nos seguintes obxectivos:

- Que os alumnos e alumnas interioricen as normas elementais de convivencia.

- Que desenvolvan a súa personalidade respectando as normas elementais do seu contorno inmediato.

No tempo adicado á titoría traballaremos a autoestima, a responsabilidade, tolerancia, cooperación e intelixencia emocional con materiais aportados dende Orientación.

Procuraremos que os alumnos e alumnas aprecien os sentimentos, sensacións e emocións propias e alleas, sexan capaces de manifestalas e sintan empatía polos demais compañeiros desenvolvendo así a súa intelixencia emocional.

Poremos especial interese nas normas de convivencia e respecto para poder realizar con comodidade traballos colectivos e en pequenos grupos.

No ámbito dos transversais traballaremos o coidado e respecto polo medio no que vivimos fomentando actitudes positivas cara a protección do mesmo; consumo responsable, reciclado e reutilización de materiais (plásticos, papeis etc) actividades incluídas no proxecto de consumo e Comenius (Medioambiente) que se levan a cabo no centro.

Igualmente a promoción da saúde.

9. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

A contribución ao proxecto lector do curso terá os seguintes obxectivos:

- Formación de lectores competentes e creación e consolidación de hábitos de lectura.
- Aprendizaxe de estratexias de comprensión.

Faremos da lectura o eixe principal da actividade docente de modo que ao terminar o día encontremos que os alumnos e as alumnas fixeron lectura comprensiva en todas as áreas, utilizando distintos textos, mellorando así as súas competencias lingüísticas.

Traballaremos textos que faciliten a adquisición da comprensión lectora,

esencial para a resolución de problemas e a comprensión de enunciados. Lecturas en voz alta e compartindo cos compañeiros textos escritos de creación propia, valorando o esforzo e gozando do que nos ofrecen os demais. A lectura vai intimamente ligada coa escritura e a expresión oral, polo que a traballaremos de forma conxunta dedicándolle a máxima prioridade.

Poremos a disposición dos alumnos e das alumnas pequenos textos e libros de carácter científico e de divulgación que lles faciliten o acceso a coñecementos e informacións que lles sirvan para estimular e satisfacer as súas curiosidades.

10. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

O curso realiza as actividades incluídas no plan TIC do colexio, incentivando aos alumnos e alumnas para que descubran as novas tecnoloxías como medios de comunicación, relación, investigación e descubrimento do contorno.

En primeiro lugar apoiarán o desenvolvemento das destrezas fundamentais: lectura, comprensión lectora, auditiva, expresión escrita, cálculo, series e clasificacións.

Aprenderémolles a buscar información e gardala nas carpetas. Uso do teclado: Localización das letras minúsculas e maiúsculas. Uso da tecla intro para executar accións.

Programas: Búsqueda de enlaces no menú inicio-programas. Programas de debuxo simple.

Traballaremos cos medios dixitais na aula de informática e na nosa propia aula para que os alumnos e alumnas descubran as novas tecnoloxías como un elemento máis do contorno educativo e familiar.

Utilizaremos o material en CDs de reforzo e ampliación das diferentes áreas: programas de iniciación ao cálculo matemático e actividades variadas como os JAVA.

Recursos TICS dos que dispoñemos: sala de ordenadores, 2 encerados dixitais, reprodutores de CDs, proxector de opacos e cámara dixital, ordenador portátil e canón.

11. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

O curso intenta potenciar as seguintes habilidades básicas dentro do plan de convivencia: comprensión de instrucións e normas básicas, resolución pacífica de conflitos e respecto aos diferentes.

Potenciaremos sobre todo as habilidades de conversa: falar, escoitar e responder respectando as quendas de palabra e os hábitos de comunicación en grupo.

Tamén nos centraremos na resolución pacífica de conflitos, esencial nestas idades.

Nas diferentes áreas plantexaremos traballos en parellas, pequeno grupo ou gran grupo que sirvan para crear conciencia de pertenza ao mesmo, respectando as características individuais.

12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

As accións realizadas no curso dentro do Proxecto Lingüístico irán encamiñadas a lograr unha

mellora significativa nos aspectos básicos da comunicación lingüística en todas as áreas.

En todas as linguas traballaremos:

- Habilidades de conversa.
- Expresión e comprensión de pequenos textos orais: poemas, trabalinguas, adiviñas.
- Lectura e comprensión de textos sinxelos con entoación e velocidade.
- Producción de pequenos textos escritos respectando orde, presentación e ortografía.

No referente á lingua galega pretendemos que o alumnado vaia mellorando sobre todo nos aspectos orais dado que a maioría son castelán falantes.

Do mesmo xeito traballaremos as destrezas orais na lingua estranxeira utilizando a citada lingua como vehicular na clase de plástica.

13. **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Ademáis dos libros de texto, utilizaranse outros recursos a disposición do profesorado tales como material manipulativo (proporcionado polas editoriais ou de creación propia), recursos tecnolóxicos (ordenadores, proxector, PDI...) e recursos do centro (biblioteca, sala de ordenadores...)

Ademáis de todo isto contamos coa axuda e dispoñibilidade do profesorado de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe para apoiar dentro da aula en caso de ser necesario.

14. **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

O curso participará nas seguintes actividades complementarias e extraescolares: Magosto, Nadal, día da Paz, Entroido, Día do consumidor, Día do Libro, Letras Galegas.....

Participaremos tamén naquelas actividades dinamizadas dende a biblioteca e relacionadas co proxecto deste curso.

Tamén participaremos nalgunha saída relacionadas cos proxectos que se traballen no centro, así como nalgunhas actividades ofertadas polo Concello e outras institucións ao longo do curso.

15. **PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

A avaliación da programación ten como referente a Orde do 9 de xuño de 2016 que regula a avaliación na Primaria.

Contemplará os diferentes aspectos da mesma: obxectivos, contidos, criterios de avaliación, metodoloxía, etc.

Farémola nas reunións de equipo de ciclo, nas sesións de avaliación, na comisión de coordinación pedagóxica e no claustro.

Seguiremos o modelo consensuado para a Primaria que vén de seguido.

	AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE NIVEL	1	2	3	4	Propostas de mellora
1	Coherencia na relación entre todos os elementos da programación					
2	Contribución dos contidos ao desenvolvemento dos obxectivos xerais					
3	Coherencia entre a programación de ciclo e a programación de aula					
4	Contribución da metodoloxía aplicada á adquisición das aprendizaxes previstas					
5.	Correspondencia entre os obxectivos fixados e os conseguidos.					
6.	Coherencia entre os criterios de avaliación e os obxectivos e contidos da programación					
7.	Valoración dos recursos en relación ás necesidades da programación					
8.	Adecuación das medidas de atención á diversidade					

2º DF

CURSO

	9.	Correspondencia entre a planificación de plans e proxectos e as actividades realizadas					
		<ul style="list-style-type: none">● Plan Lector● Lingüístico● Tic● Consumo● Medioambiente● Saúde					
	1	Coordinación entre os profesores e profesoras					
	0	do ciclo					

1. Nada 2. Pouco 3. Bastante 4. Moito